

Ponteareas aproba os
orzamentos para o
2018

Páxina 3

A extinción do lume
de Mondariz custou
máis de 100.000 euros

Páxina 7

A Festa da Lamprea
Seca, aspira a ser
Festa de Interese
Turístico Autonómico

Páxina 8

Salceda pon en marcha
o I Plan de Formación
Xuvenil en Novas
Tecnoloxías

Páxina 17

Nova rotonda en A
Costeira no Porriño

Páxina 19



O PSdeG celebra primarias o 18 de novembro

Páxina 12

CONFITERIA

Regino

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Especialidade en
rosquillas e melindres



Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas

986 640 834

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

Absoluto descontrol na Concellería de Comercio

O Grupo Municipal de ACIP faínos chegar un escrito no que denuncia o absoluto descontrol da concellería de comercio.

Segundo Raquel Bautista, viceportavoz do Grupo, os hostaleiros de Ponteareas solicitaron a instalación das correspondentes terrazas, pagaron as taxas indicadas pero aínda non obtiveron a conformidade do Concello.

Se por unha desgraza se atoparan diante de calquera incidente non poderían demostrar que tiñan unha terrazas legalmente instaladas.

Ao parecer os permisos definitivos deben pasar por unha comisión de Gobernom para ser aprobados e de seguido



facerlles chegar aos correspondentes hosteleiros.

Segundo ACIP iso non se fixo. Denuncian que as concellerías socialistas non facilitan o contro da actividade municipal por parte da Opo-

sición tal com o establece a lei con toda claridade.

Finalmente ACIP afirma que este problema débese ao total descontrol existente na concellería de Comercio a cargo da concelleira socialista Inés Vidal.

O PP queixase da tardanza na entrega dos expedientes dos orzamentos

O PP lamenta que Represas chegue sempre “tarde, mal e arrastro” cos asuntos máis importantes en relación á vida municipal.

Primeiramente os orzamentos. Represas convoca un pleno extraordinario este xoves para aprobar uns orzamentos para o ano 2018- “En plenos de Outubro está a aprobar un documento porque non ten con que pagar todos os gastos que se realizaron este ano. En vez de falar dunha previsión de gasto para 2019, imos cara atrás, orzan sobre o gastado. Como sempre facendo uso da súa política de improvisación esta vez nas contas do exercicio 2018 que está a piques de rematar”. O PP non apoiará a aprobación destas contas porque non son realistas coas necesidades do municipio. Doutra banda, a pesar de presentar alegacións para tentar acordar o documento, Represas négase a escoitar ao grupo maioritario da oposición. “Lembralle ao alcalde que as nosas alegacións ao orzamento son partidas que ían destinadas a peticións que realizaron os veciños. Parece que non lle interesa o ben común porque non admitiu ningunha alegación ao documento”.

En relación á nova RPT (Relación de Postos de Traballo) o PP congratúlase desta mellora para os traballadores do Concello e lamenta que BNG e PSOE tardasen tantos anos en recoñecer a profesionalidade dos mesmos. “Está claro que Represas iniciou a súa campaña electoral ofrecendo este caramelo aos traballadores públicos deste Concello, podía realizar esta mellora fai tres anos, pero faina agora como antesala á súa

campaña electoral. Alegrámonos que despois de tantos anos de críticas por parte do BNG e PSOE acusando a estes traballadores de ser uns “enchufados do PP” agora recoñezan a súa valía con esta mellora” O PP por outra banda preguntará no pleno por unha serie de cuestións que non veñen recollidas no documento e que a pesar de solicitar unha contestación por escrito a Represas esta nunca se produciu. “Volveremos preguntar polas prazas vacantes que hai na actualidade no persoal funcional, necesitamos cadros de persoal funcionario e de persoal laboral detallado por postos. Tampouco inclúese no documento que prazas preténdense amortizar e descoñecemos se os complementos de produtividade existentes ata agora desaparecen por completo”.

O PP lamenta que estas cuestións tan importantes para o bo funcionamento do Concello non sexan tratadas con tempo e tómense a lixeira. “Como sempre todo correndo, sen darnos tempo á oposición para estudar os documentos. Co que nos resulta moi difícil poder valorar os expedientes para darlles o noso apoio. Outro Pleno Extraordinario (van 8 neste ano), pola falta de previsión nos asuntos que queren aprobar, co consecuente custo que supón para o Concello. Todo á carreira. No caso do Orzamento aínda se celebrou onte a Comisión Informativa, e os outros tres asuntos temos outra comisión informativa convocada para o mércores, un día antes do pleno. A falta de transparencia e consenso deste alcalde é algo insólito”, denuncian dende o PP.

ACiP denuncia o amoreamento de cascallos na Feira Vella

Resulta curioso como o concello esixe a todos os veciños o correcto tratamento e reciclado dos cascallos, cando estes realizan obras, e o propio concello non cumpre este mandado cando se trata de traballos municipais; non dubidando en ensuciar e maltratar contornas que son públicas”. A reflexión da viceportavoz de ACiP, Raquel Bautista Alfaya, vén a conto da situación na que actualmente se atopa o parque da feira vella onde, desde hai tempo, amontóanse cascallos de obras municipais que se están realizando nunha rúa contigua.

“A contorna do parque da feira vella é frecuentado por pais e nenos durante a semana e é punto de encontro para mozas e mozos nas fins de semana. É máis, preto do mesmo



hai un parque infantil, a gardería municipal e mesmo, durante as pasadas festas, neste parque habilitáronse carpas para actuacións, sen ningún tipo de tratamento destes residuos nin sinalización ou valado dos mesmos”, insiste Bautista Alfaya.

Para a concelleira de ACiP, “este é un exemplo máis da irresponsabilidade do goberno

municipal e un abuso desmesurado do que é de todos. Non é de recibo este pasotismo e desde o noso partido esiximos aos responsables que retiren ese cascallo, onde mesmo hai obxectos punzantes, e que ofrece unha imaxe penosa para o pobo. Ou iso ou que, polo menos, valen a zona e a sinalicen antes de que ocorra algo”.

PONTEAREAS

Ponteareas procede á aprobación definitiva dos orzamentos para o 2018

O goberno de Ponteareas ratifica o orzamento para o ano 2018 tras resolver no pleno extraordinario celebrado hoxe as nove alegacións presentadas logo da aprobación inicial no pasado mes de agosto. Co voto de calidade do Alcalde, Xosé Represas, resolveuse o empate producido ao facilitar o concelleiro de Esquerda Unida, Lino Costas a aprobación dos orzamentos coa súa abstención. PP e ACIP votaron en contra.

Á espera de que entre en vigor coa publicación nos vindeiros días no Boletín Oficial da Provincia, o goberno de Ponteareas contará cun orzamento de 16.936.298,83€, dos que 3.045.067,61€ serán para

investimentos que son financiados fundamentalmente coa subvención de fondos europeos da estratexia "Ponteareas, Hábitat Saudable".

Para o Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, "estes orzamentos que son os máis altos da historia de Ponteareas significan un antes e un despois grazas á xestión dun goberno que herdou unha situación na que 50% dos ingresos do estado estaban intervidos polo Ministerio de Facenda por non ser capaz o anterior goberno de presentar un plan de axuste que contara coa aprobación do estado. Pagáronse as débedas históricas de gasto corrente, conseguíuse ter remanente positivo na liquidación das contas do pa-

sado ano 2017 e a partir de agora estamos na mellor posición posible para poder realizar as obras e actuacións polas que Ponteareas leva décadas agardando".

Os orzamentos contan con diversas partidas que suman máis de 430.000 euros para subvencionar as actividades das casas culturais, clubs deportivos, escolas de música, axudas para material escolar, etc, así como para básicos como as traídas de auga xestinadas polos veciños. Outras das partidas relevantes é a destinada as axudas de emerxencia social, 120.000 euros, cifra que multiplica a destinada no ano 2014, último ano de goberno do PP.

Entre os capítulos máis des-

tacados, o Alcalde remarcou a relevancia que se lle da a priorizar o gasto social que suma un total de 2.692.784,62€ nas diferentes liñas cos servizos sociais, a residencia de maiores, a axuda no fogar, o centro Asprodico ou a escola infantil entre as prioridades. Pola súa parte, Educación e Cultura suman un total de 2.305.070,96 euros que se investirán no Conservatorio, centros educativos, biblioteca, auditorio e as actividades festivas e culturais. Outra das partidas de gasto corrente máis relevante; o servizo de limpeza viaria, recollida do lixo e tratamento en SOGAMA, suma un total de 1.650.000 euros.

Represas destacou que "o orzamento permitirá facer in-

vestimentos imprescindibles e que tamén recolle o saneamento das contas municipais na que figuran as últimas partidas destinadas a pagar sentenzas e débedas atrasadas".

En 2018 destinarase máis de 500.000 euros ao pago de sentenzas xudiciais por débedas e préstamos.

Entre outras medidas que recolle este documento está a conxelación de taxas e impostos con rebaixas relevantes como a do imposto de construcións e reformas. "Son uns orzamentos que garanten a estabilidade económica municipal e sitúan ao Concello de Ponteareas na mellor situación da súa historia para afrontar os grandes retos de investimentos que Ponteareas precisa".

O Club Ciclista Ponteareas mostra o seu gran nivel tamén en ciclocross

Este domingo celebrouse en Xaxán, Marín, a carreira Internacional de ciclocross, onde numerosos corredores de ámbito internacional déronse cita.

Os corredores do Ponteareas, deron o máximo de si e mostraron o seu poderío tamen en ciclocross.

Na categoría cadete Miguel Rodríguez liderou a proba sendo astuto e no seu duelo co campión de España conseguiu gañar e alzarse co primeiro posto.

Na categoría Xuvenil Jorge Fernández logrou a 3ª posición pelexando duramente contra outras escuadras de gran nivel, onde mostrou o seu poderío.

Non esquezamos que o Ponteareas estréase despois de moitos anos na categoría de sub23 con Adrián Barros, o cal con gran forza e tesón, mostrou a súa categoría, logrando alzarse coa 2ª posi-



ción.

Borja Gómez fixo unha gran carreira onde toda a xente allí presente animou como o campión que é.

Este venres tamen de disputou a carreira de ciclocross

de Santiago, onde Miguel Rodríguez e Jorge Fernández alzáronse como actuais líderes da Copa de Galicia nas categorías de cadetes e xuvenís. Como vedes os do Ponteareas son imparables.

As fins de semana de outubro serán para o teatro



Este mes de outubro celébranse as II Xornadas de Teatro do Amador para as que se pode adquirir un bono de catro funcións por cinco euros ou mercar a función individual por dous euros.

As xornadas arrancaron o domingo día 14 coa obra "Cachosdesgueches" de "Que 2". Os grupos de teatro aficionado seguirán ofrecendo arte as fins de semana de outubro e a seguinte cita chega o día 20 de outubro ás 20:30 horas con Petanaporta Teatro que presenta "Ai Carmela". O 21 de outubro é o turno do grupo de teatro de Celeiros que porá en escena "Véndese a burra"

ás 18 horas no auditorio municipal. O grupo de teatro Pena do Equilibrio pecha estas segundas xornadas de teatro do Amador coa obra "Agora os vellos e as vellas xa se poden namorar" o 27 de outubro ás 20:30 horas.

Organizadas por Teatro Pena do Equilibrio en colaboración co concello de Ponteareas e a Deputación de Pontevedra, estas xornadas pretenden achegar o teatro á cidadanía e por en valor o traballo dos actores e actrices aficionados.

Os bonos de entradas darán ao espectador a oportunidade de participar no sorteo de varios agasallos.

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

Presentación do álbum “En La Playa” do mestre Reveriano Soutullo

Fox trot, mazurka, polka, habanera, valz... a obra do mestre Reveriano Soutullo non ten fin e para recuperala a Fundación Reveriano Soutullo presentou no salón de plenos do concello o álbum “En la playa” escrito baixo o pseudónimo de L. Rals que xa no ano 1905 asinaba obras como a polca Noemí.

Soutullo adoitaba agocharse baixo pseudónimos como o de Lorenzo Rals ou o de L. Durán, utilizado en obras para banda. Dín os que estudaron a súa figura que ademais dun nome artístico, empregábo para non repetir o seu nome nas edicións

das súas obras, sobre todo na editorial na que máis colaboración prestou, a madrileña Ildefonso Alíer, na que Soutullo estaba contratado como arranzador e director de publicacións.

O total das obras de Soutullo para piano catalogadas está en 63 pezas.

No álbum atópanse os dous números, mazurka e fox trot, que na presente edición do concurso de piano deberán interpretar os e as alumnas de grao profesional como obra obrigada.

A obra ten sido supervisada polo profesor e pianista do conservatorio superior de música de Vigo, Alejo Amoedo,

que presentará próximamente a súa tese doutoral versada na obra de piano do compositor pontearán internacionalmente coñecido.

Amoedo presentou un resumo do traballo realizado no que hai que sinalar, entre outros méritos, o grande esforzo de recompilación dos números do álbum. Alejo Amoedo destacou a versatilidade da obra do mestre Soutullo capaz de adaptarse a unha versión para banda de música, para orquestrar, para orquestinas ou mesmo para bailar. A obra de Soutullo perdura no tempo a disposición de cal-



quera apaixonado da música que a queira reinterpretar e darlle vida co seu propio selo.

A edición deste álbum foi supervisada pola Universidade de Santiago de Compostela que concorda que foi apoiado

por un proxecto de I+D+i (investigación, desenvolvemento e innovación).

O II Concurso Nacional para piano Mestre Soutullo terá lugar en Ponteareas do 1 ao 4 de novembro.

Venres D_letras



19 DE OUTUBRO
O meu nome é Ninguén
de Manuel Esteban
[NARRATIVA]



XERAIS



9 DE NOVIEMBRE
The Making Of
de Xavier Alcalá
[NARRATIVA]



CONCELLO DE SAN MATEO



14 DE DECEMBRO
A memoria das palabras
de Francisco Álvarez, Koki
[POESÍA]



POESÍA

PONTEAREAS
CONCELLO

20:30 horas | Salón de Plenos

Cultura ofrece cursos lúdico didácticos nas parroquias totalmente de balde

A concellería de Cultura que dirixe Hortensia Bautista financia ao 100% diferentes cursos de quince horas de duración.

Nestes intres están en marcha o curso de memoria en San Mateo, o de matemáticas danzada en Guláns e Moreira, o de cestería en Arcos e Moreira, o de cosmética e hixiene natural en Arcos, Canedo e Moreira, o de manualidades e reciclaxe en Guláns e o de pintura e debuxo en San Mateo e Santiago de Oliveira.

A piques de comezar e aínda con prazas libres, están os cursos de caracterización e automaqui-

llaxe en Canedo e Xinzo, o de cosmética e hixiene natural que se celebrará en Bugarín e o de cestería en Areas.

A concellería de Cultura ven de pechar os cursos de memoria en Cumiar e Fontenla, hatha ioga en Cumiar, Guillade e Prado, creatividade en Cristiñade, Padróns, Prado e Santiago de Oliveira, caracterización en Cristiñade, cestería en Ribadetea e Xinzo e pintura e debuxo en Pías.

Cultura quere achegar ao rural actividades lúdico-didácticas para diferentes idades atendendo ás demandas da veciñanza que se poden inscribir nas propias casas rurais.

Novo horario do rexistro municipal

O concello de Ponteareas co obxectivo de mellorar o servizo á cidadanía amplía o horario de atención ao público do rexistro municipal que a partir de agora

abrirá de 09:00 horas a 14 horas de luns a venres no andar baixo do concello. Os envíos para a Xunta serán martes e venres ata as 12:30 horas por envío valixa.

PONTEAREAS

A Comunidade de Montes de Areas inaugura a mellora do parque da Bouza Vella

A estreita colaboración entre distintas institucións permitiu a inauguración das obras de mellora do parque da Bouza Vella situado en Ganade, Areas. O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, e a Tenente de Alcalde, Chus Garrote e distintas concelleiras do goberno así como a Directora Xeral de Turismo, Nava Castro, e os distintos colectivos sociais da parroquia acompañaron onte á Comunidade de Montes de Areas que inauguraba o parque infantil e biosaludable da Bouza Vella.

Esta iniciativa da Comunidade de Montes en man común de Areas contou coa subvención do GDR Condado



Paradanta a través do programa Leader Galicia 2014-2020 que aportou o 70% do custe total de 37.000€. O outro 30% aportouno a CMVMC Areas. As obras completáronse con fondos da propia comunidade de montes e coa colaboración do concello de Ponteareas na mellora de

distintas infraestruturas do espazo público da contorna.

Eusebio Castro, presidente da CMVMC de Areas, suñía que as comunidades de montes xunto con outros colectivos do rural deben ser actores comprometidos que deben traballar conxuntamente polo ben común.

Ponteareas destina 150.000 euros as traídas de auga veciñais

O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, convoca a todas as Comunidades das Traídas de Augas a unha reunión o vindeiro xoves 18 ás 20:30 horas, no Salón de Plenos, para explicar á liña de subvencións do Concello para ás Traídas veciñais. Investimentos que poderán cubrirse grazas á partida orzamentaria de 150.000€ que o goberno de Ponteareas reservou dentro dos orzamentos para o 2018

aprobados xa de xeito definitivo o pasado xoves.

Por vez primeira, as traídas de augas contarán cunha partida específica para as obras prioritarias de mellora das captacións e subministro de auga co obxectivo de garantir este servizo básico para para todos os fogares.

Con estes cartos, as comunidades de usuarios de auga de Ponteareas poderán pagar os gastos de materiais, equipamentos e man de obra para

realizar melloras dos sistemas de captación de auga, ampliar a capacidade dos seus depósitos de almacenamento, sistemas de potabilización ou mellorar as redes de distribución de auga ás vivendas

Unha liña de axudas que tamén ten como finalidade subvencionar as obras prioritarias nas comunidades veciñais que sufriron en maior medida as consecuencias da seca no verán e outono pasados.

Chus Garrote acusa a Belén Villar de tapar os comentarios machistas do Alcalde de Vilanova



As socialistas de Ponteareas saen ao paso dos últimos comentarios verquidos pola voceira do Partido Popular, Belén Villar, contra a Presidenta da Deputación de Pontevedra, a socialista Carmela Silva, "por exculpar pola porta de atrás" os comentarios machistas do alcalde popular de Vilanova de Arousa, Gonzalo Durán.

Para o PSdeG-PSOE de Ponteareas a actitude de Villar é deleznable e inadmisble "dado que os insultos machistas verquidos polo alcalde do PP de Vilanova supoñen un ataque a todas as mulleres".

Asimesmo, as socialistas ponteareáns denuncian que Villar, candidata do partido conservador á alcaldía, tratou de exculpar ao seu compañeiro nas redes sociais mediante a

difusión dunha campaña difamatoria que ao entender do Partido Socialista "é un amparo do machismo máis rancio".

Chus Garrote, Secretaria Xeral dos socialistas de Ponteareas e tenente de alcalde, sinala que os comentarios da edil do PP supoñen un ataque á igualdade entre homes e mulleres e insta á Villar a pedir desculpas e retractarse dos seus comentarios.

Garrote, quen tachou ao alcalde popular de Vilanova de machista tras chamar "chacha para todo" á Presidenta da Deputación, pregúntalle a Villar e ás edís populares "por que consenten o machismo do seu compañeiro do PP". Neste senso, a socialista Chus Garrote, tamén aproveitou para pedir a dimisión do alcalde de Vilanova.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

A Banda de Xinzo presentou "Unha noite de amor con Lela" en Ponteareas

O pasado 30 de setembro a Banda de Música Xuvenil de Xinzo ofreceu o último concerto-espectáculo deste ano 2018 no Auditorio Municipal de Ponteareas. Nesta ocasión, a agrupación contou coa colaboración de grandes artistas que acompañan, entre outros, ao afamado músico, compositor e cantante galego, Roi Casal. Ana Silva coa voz narradora, Pachi Cruz ao contrabaixo e Silvia Ferre como cantante, fixeron da creación do pianista e compositor Alfredo Susavila e os textos do escritor Fernando Lavandeira, unha delicia para os sentidos.

O público presente, que encheu unha vez máis o Auditorio Municipal de Ponteareas, viuse asombrado pola posta en escea da propia da Banda de Xinzo. A beleza e a calidade interpretativa de te-



mas da primeira liña da composición tradicional galega, como son "Lela", "Por ti", "Quen puidera namoral", "Rosíña do mes de maio", "Ramito de violetas", "Meu amor é mariñeiro" e "Quizás", asombraron unha vez máis a todos os asistentes durante practicamente as 2 horas que durou o espectáculo.

Por outra lado, tamén des-

tañar que o mesmo domingo 30, a Coral Cantares de Xinzo, que depende da propia Banda de Música de Xinzo, participou no Festival de Corais de Pazos de Borbén, o que pon de manifesto a intensa actividade e masa social que está acaando a Banda de Xinzo, xuntado a máis de un millar de persoas de forma directa e indirecta.

O concello e a hostalería preparan unha nova edición de Bocados de Outono



A concellería de Hostalería, Comercio e Consumo que dirixe Inés Vidal reúne cos hostaleiros da cidade para deseñar unha nova edición de Bocados de Outono. Coa chegada da nova estación a hostalería ofre-

cerá, unha vez máis, da man da Concellería de Hostalería succulentas propostas gastronómicas a base de produtos de tempada.

Deste xeito, os venres e sábados a partir do 26 de outubro e ata 10 de novem-

bro a hostalería de Ponteareas sorprenderá aos seus clientes con tapeo de outono a prezos especiais que os consumidores poderán valorar para decidir que receita gaña esta nova edición de Bocados de Outono.

A Banda de Xinzo pon música aos Premios Agader 2018



A cidade da Cultura de Santiago de Compostela foi escenario o pasado 14 de setembro, da entrega dos premios AGADER 2018, acto que serviu como recoñecemento á iniciativa pioneira da Banda de Xinzo de constituír a súa propia Fundación para potenciar o seu patrimonio cultural e musical. Fundación que foi declarada de Interese Galego pola Xunta de Galicia o pasado mes de maio.

A participación da Banda de Xinzo no acto de entrega da oitava edición dos premios da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, foi posible grazas ao compromiso adquirido pola Conselleira de Medio Rural, Ángeles Mejuto, na pasada edición dos premios AGADER, de que a Banda de Xinzo estaría presente no acto de entrega dos seguintes premios do ano 2018. Compromiso que da continuidade ao recoñecemento realizado pola Xunta de Galicia a esta agrupación musical Ponteareá, que se fixo co galardón á

mellor iniciativa xuvenil de desenvolvemento rural no ano 2017. Premio dotado con 15.000 euros que recibiu grazas á candidatura: «A música, factor de desenvolvemento socio-económico na comarca do Condado».

Un cuarteto da Banda de Música Xuvenil de Xinzo, composto por Blanca Represas ao Saxofón Barítono, Alejandro Otero co Saxofón Alto, María Represas co Clarinete e Javier Blanco co Clarinete Baixo, foi o encargado de por a música no acto de entrega da novena edición dos premios convocados pola Concellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

Francisco Represas, Presidente da Banda de Xinzo, explica que "o importe do premio foi destinado á compra de instrumentos co obxectivo de facilitar a ensinanza musical a toda a mocidade e poboación en xeral do medio rural". Garantido así un crecemento sólido da entidade musical mais laureada do Concello de Ponteareas.

**información interesante
na nosa WEB**

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

EIXOATLÁNTICO
XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLARICA

A extinción do lume de Mondariz supuxo un custe superior aos 100.000 euros

O custe estimado da extinción do incendio rexistrado o domingo día 7 en Mondariz (parroquias de Sabaxáns e Gargamala), e que puxo en perigo os núcleos de Barro e Barral, superou os 100.000 euros. Para extinguir este lume foi preciso mobilizar un total de 363 persoas, entre efectivos do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e persoal de emerxencias (axentes da Policía Autonómica, bombeiros comarcais, voluntarios de Protección Civil, etc.).

O conselleiro do Medio Rural, José González, destacou hoxe estes datos para poñer de manifesto a gravidade do ocorrido, tendo en conta, ademais, que todo indica que o

lume foi intencionado e que foi preciso declarar a Situación 2 pola súa proximidade a núcleos de poboación. Por iso engadiu que cómpre intensificar os labores de investigación do sucedido, para poñer a disposición xudicial ao responsable ou responsables do incendio, e neste sentido reclamou “tolerancia cero” cos incendiarios.

O titular de Medio Rural salientou tamén o bo facer dos profesionais que participaron no operativo. Neste sentido, lembrou que a alerta do lume chegou dun punto de vixilancia da consellería e que tan só 13 minutos despois do aviso os medios xa estaban actuando na zona, incluído un helicóptero coa súa correspondente

brigada. Indicou, así mesmo, que só no primeiro día de actuación os helicópteros mobilizados realizaron ata 88 descargas en tan só hora e media (o lume empezou ás 18,17 horas e tiveron que retirarse co ocaso), o que supuxo un volume de máis de 111.000 litros de auga.

Medios humanos e materiais

En conxunto, na extinción do incendio participaron 3 técnicos, 20 axentes, 47 brigadas terrestres e 10 helitransportadas. Os medios materiais mobilizados foron 33 motobombas, 5 pas, 1 tractor, 10 helicópteros e 2 avións, ademais de instalar un posto de mando avanzado na zona. O lume afectou 159 hectáreas, das cales 89 son de monte raso e 70 de arborado,



sendo preciso declarar a Situación 2 pola súa proximidade a núcleos habitados e mesmo houbo que desalojar uns 60 veciños, que foron levados á igrexa parroquial de Gargamala.

Nesta visita, o conselleiro informou ademais de que Mondariz foi un dos concellos nos que máis repeticións de lumes

houbo neste mes de outubro (ata seis incendios en sete días). De feito, durante a extinción deste lume, e cando xa estaba decretada a Situación 2, rexistrábase un novo incendio na parroquia de Riofrío, que quedou en conato grazas á rápida intervención do dispositivo de extinción.

Chega á Cañiza a expo dos Bolechas sobre as variedades dialectais do galego

Ata o 19 de outubro permanecerá instalada na Praza Maior do Concello da Cañiza a mostra “Gatiños, Ghatiñas, Gatíos. Xeitos de falarmos galego”

A carpa abriu oficialmente as súas portas o día 9 coa presenza dos Bolechas e dun grupo de 35 estudantes do CEIP de Valeixe.

Tamén estiveron presentes o deputado de Cultura e Lingua, Xosé Leal, a concelleira de Cultura, Ana Cerviño, e Tomás Valín representando á Editorial Bolanda.

Xosé Leal desexoulle ao alumnado que se divertira moito “nesta carpa, xogando pero tamén aprendendo, porque poderedes ver como falades vós e como falan os rapaces e rapazas doutros lugares do país”.

O horario de apertura é de



10 a 13:30 h e de 16 a 20 h, de luns a venres. Os sábados, domingos e festivos o horario é de 11 a 14 h e de 17 a 21 horas. Polas mañás a mostra poderá visitarse en grupos organizados a través dos centros educativos da comarca e polas tardes abre para todo tipo de público.

A día de hoxe xa hai reservas por parte do CEIP de Valeixe,

do CEIP da Cañiza, do CEIP Manuel Sieiro de Crecente, do CEIP Antonio Carpintero de Arbo, e do CEIP Antonio Blanco Rodríguez de Covelo.

A exposición estivo xa en Pontevedra, Lalín, Vilagarcía de Arousa, Moaña e A Estrada. Tras pasar pola Cañiza, continuará a súa itinerancia por Caldas, Tomiño, Ponteareas e Vigo.

As Neves impulsa o seu plan de compostaxe ou Plan Revitaliza



O Concello das Neves avanza no Plan Revitaliza para unha nova e sostible xestión do lixo.

Neste últimos meses as xestións tiveron que ver co estudo, programación e xestión de comprar precisas para por en marcha e desenrolar o plan.

Agora acaba de chegar unha trituradora que servirá para converter restos de podas en estruturante para a compostaxe e nos vindeiros días será entregado un camión e

tamén composteiros individuais, un para cada casa.

Neste mes comezan reunións nas parroquias para a entrega dos composteiros.

Son novos servizos para un tempo novo, indica o Alcalde neves Xose Manuel Rodríguez, que estivo presente na entrega xunto co Concelleiro de Medio Ambiente Oscar González, o Técnico do Plan Revitaliza Carlos Pintos e o responsable da empresa suministradora Pablo Loureiro.

CONDADO / PARADANTA

A Festa da Lamprea Seca, aspira o recoñecemento de Festa de Interese Turístico Autonómico

Concello de Arbo aprobou por unanimidade no pleno do pasado 24 de setembro, a solicitude de declaración da Festa da Lamprea Seca como Festa de Interese Turística de Galicia, coa presentación ante a Xunta, dunha memoria e informes que xustifiquen dita condición. Ambos grupos políticos (Partido Popular e Agrelar) puxeron de manifesto que a lamprea e o sinal de Identidade de Arbo e polo que se nos coñece a nivel autonómico, nacional e internacional.

O organismo autonómico a través de Turismo de Galicia deberá agora estudar todos os informes presentados polo Concello para dar o visto bo a esta solicitude. O alcalde de Arbo, Horacio Gil, afirmou que



“é unha gran alegría para nós e tamén unha enorme satisfacción poder optar a este recoñecemento dunha festa que contribúe a desestacionalizar o consumo de lamprea e que vai xa polo seu XXIII edición”. Gil recalcou tamén o intenso traballo levado a cabo polo Concello, xuntando papeis e documentos, para argumentar a solicitude, afirmando tamén que “é unha distinción non

só para Arbo senón tamén para todos os seus paisanos, os restaurantes e as adegas que participan cada ano na Carballeira de Turbela”. Neste sentido apuntou que o condecoración será “un aliciente máis para seguir mellorando a nosa festa e actos co obxectivo de que sexa cada vez mellor e recibamos máis visitantes probando a mellor Lamprea e o mellor Viño”.

Achega para material da biblioteca



Concello de Arbo, recibe unha achega da Fundación Segundo Gil Davila por un importe de 4.141,08€. para a compra de ordenadores e mobiliario para a Biblioteca.

Coa achega compráronse tres ordenadores e estanterías para mellorar o servizo da biblioteca.

Según manifesta o Alcalde do Concello de Arbo, esta colaboración ven sendo moi habitual por parte da Fundación que ten colaborado co

concello para a Mellora do Auditorio do Centro Multiusos e a mesma biblioteca que leva o nome de Segundo Gil Davila. Esta Fundación tamén colabora na convocatoria de axudas de estudos de 500 euros cada unha para aqueles mozos e mozas empadroados en Arbo, que realicen estudos universitarios no presente curso 2018/2019. A mesma Fundación tamén colabora coa Escola de Música da Asociación da Banda de Música de Arbo.



Comunidades, Colexios, oficinas
cristalerías, moquetas, abrillantado
de suelos, primeiras obras,
limpeza de fachadas

Rúa As Lavandeiras, 3 Baixo
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 052

EMILIO seguros



DECECOS · HOGAR · JUBILACIÓN · AHORRO · ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA · COMERCIO · PYMES · COMUNIDADES · R. CIVIL · AUTÓNOMOS · Etc...
tel. información: 609 544 351

Forjados
Hnos. Duran S.L.



Fábrica y Oficinas:
Santiago de Ribademe, 1
36447 AS NEVES (Pontevedra)

Teléfono: 986 648 150
Fax: 986 648 030
e-mail: duran@forjadosduran.com
http: www.forjadosduran.com



mifollas

LIBRERÍA · PRENSA · PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

mifollas@mundo-r.com



**GASOLEOS
TEA**

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO



PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61



In memoriam

Dona Josefa Poza Mouriño: unha grande mestra

"O mellor que lle pode pasar a un pobo é ter unha grande mestra"

O pasado mes de agosto deixounos a nosa benquerida profesora, Josefa Poza Mouriño. As que tivemos a enorme sorte de ser as súas alumnas sentimos a súa irreparable perda. Dona Josefa foi unha gran mestra no sentido total da palabra e un ser humano dotado das virtudes que fan inmortais aos que as posúen.

Dona Josefa naceu en Pontevedra en outubro de 1916 e finou o 25 de agosto pasado, na mesma cidade, dous meses antes de cumprir os 102 anos de idade. Alí cursou os seus estudos de Bacharelato e logo, os de Maxisterio. Ao rematar, foi destinada a unha pequena localidade do concello de Sort, Saurí, na provincia de Lleida, onde exerceu de mestra cinco cursos.

Pero o nome de dona Josefa quedará indefectiblemente xunxido ao nome de As Neves, pola profunda relación persoal e profesional que creou con este pequeno pobo do Condado. Ao concello chegou como mestra de San Pedro de Batalláns nos anos 50 e, uns anos máis tarde, en 1959, fíxose cargo da Escola Unitaria de Nenas de As Neves, onde traballou de modo exemplar ata a súa xubilación, en 1982, estando integrada nos últimos dez anos, coma todos@s profesor@s das unitarias de As Neves, no Grupo Escolar actual, Marquesa do Pazo da Mercé.

Todas as súas alumnas lembramos a antiga escola unitaria, onde as paredes verdeaban de humidade, sen calefacción nin estufas, con portas que misteriosamente nunca pechaban e ventás que non encaixaban. Pero nos pasamos alí varios

anos sen percibilo, porque a actividade, o ritmo do traballo e a ledicia na aula superaban con moito as deficiencias materiais. O material didáctico que tiñamos eran tres encerados, catro mapas descoloridos e vellos e un armario con libros antigos. Pero endexamais voltamos ver material que fora tan ampla e intelixentemente utilizado: os mapas, gastadiños da viaxe que sobre eles trazaba o punteiro; os encerados, que se ían renovando incansablemente coa perfecta e redonda caligrafía de dona Josefa, ilustrados sempre cos seus evocadores debuxos; os libros, que todas liamos grazas ao sistema de préstamos de Biblioteca que ela estableceu.

Dona Josefa foi unha mestra que practicaba un ensino activo e personalizado porque respectaba o ritmo de traballo de cada alumna, motivándonos a todas e orientándonos segundo a personalidade e intereses de cada unha. O seu ensino era de gran calidade e, dunha escola unitaria, saíamos preparadas para os completos e difíciles exames para a obtención de becas, para o ingreso, o Instituto de Secundaria e os primeiros anos de bacharelato. Cantas veces, ao comprobar a solidez e amplitude dos nosos coñecementos de ensino primario, @s profesor@s de bacharelato preguntaban onde estudáramos e quen fora a nosa mestra.

As súas alumnas tivemos a sorte de contar cunha verdadeira mestra, que, ademais de transmitir un ensino de calidade, inculcounos uns valores esenciais que definen un estilo de vida. O seu mellor método, o exemplo, a transparencia da

súa actividade e tamén, o diálogo, a reflexión. A sinceridade, a responsabilidade no traballo, a pulcritude, o compañerismo, o respecto aos demais, a discreción, ensinounos ela. Non eran tempos fáciles. Pero aqueles anos escuros, de pobreza e ditadura franquista, perviven, nembargantes, na nosa lembranza como a idade dourada. A escola de nenas de As Neves, unha escola unitaria, pobre e sen medios, transformouse, grazas a esta profesora excepcional, nun centro modelo do que saíron, por primeira vez, alumnas preparadas para os estudos posteriores. Era algo inusual e extraordinario. As familias recoñeceron de inmediato a valía desta muller emprendedora, motivada e motivadora, que abría ante as súas fillas un camiño novo e lles ofrecía un futuro, impensable ata daquela, para xente do pobo e sen recursos no rural galego.



O seu entusiasmo e ledicia no traballo eran contaxiosos. As súas verbas, traballo e exemplo tiñan o poder de transformar unha escola mísera nun centro de ensino exemplar. As súas alumnas lembramos o valor do traballo ben feito, o gusto pola lectura, o desexo de aprender e mellorar que ela soubo inculcarnos a todas. Moitas eliximos o ensino como traballo e

a ela debémoslle o ter descuberto a nosa vocación e a mellor lección de pedagogía. O noso punto de referencia era o seu exemplo e continúa séndoo, aínda agora, cando debemos organizar as nosas aulas.

Josefa Poza Mouriño seguirá vivindo na nosa lembranza.

Grazas profesora!

M^a Elvira González Casas,




HUMOR

MARTIRENA



HUMOR

MARTIRENA



FELIX



FUCO PRADO



MISCELANEA

“A UE pretende legalizar a ocupación do Sáhara occidental a través de acordos económicos con Marrocos”

Lidia Senra alerta de que a UE pretende xustificar novos acordos ca realización dunha consulta que só tomou en conta ao Goberno alauí

Unha sentenza histórica do Tribunal de Xustiza da UE do ano 2015 anulou o tratado de libre comercio da UE con Marrocos por violar os dereitos do pobo saharauí. Nela o TXUE especificaba que o Sáhara Occidental non forma parte de Marrocos, polo que se a UE permite a importación de produtos obtidos dun terceiro país violando os dereitos fundamentais -é dicir, un territorio baixo ocupación- estaría incentivando indirectamente esas violacións de dereitos. A principios do 2018, unha nova sentenza do TXUE estableceu que o Acordo de Pesca asinado en 2006 entre a Unión Europea e Marrocos non é aplicable ao Sáhara Occidental.

Ante estes pinchazos na arquitectura legal na que se arroupan as súas relacións comerciais, a Unión Europea está manobrando para poder presentar novos acordos económicos a través dos cales aproveitarse dos recursos naturais do pobo saharauí sen renunciar a ter como socio a unha potencia ocupante, como é o Reino de Marrocos.

No marco deste contexto, as relacións comerciais entre a UE e Marrocos foron abordadas por partida dobre no Parlamento Europeo: na sesión da mañá da Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural -onde o representante da Comisión Europea xustificou o avance das negociacións en base á realización dunha suposta consulta á poboación, sen entrar en máis detalles- e na sesión de tarde da Co-

misión de Pesca.

Lidia Senra, coordinadora do Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) na Comisión de Agricultura e membro suplente na de Pesca tomou a palabra para amosar a súa fonda crítica co proceder do ente comunitario.

Agora a UE pretende retorcer esta condición argumentando a realización dunha suposta consulta. O consentimento teríao que dar en todo caso o pobo saharauí a través do seu lexítimo representante recoñecido internacionalmente, é dicir, a Fronte Polisaria.

O representante da Fronte Polisaria a preguntas de Lidia Senra respostoulle que o pobo saharauí non fora consultado; que esa se realizou “con Marrocos e o entorno do Goberno de Marrocos, polo tanto non consultou ao lexítimo representante do pobo saharauí, nin respectou os marcos estipulados polas sentenzas do TXUE.

A eurodeputada galega cualifica de “chapuza” a consulta para pretender dotar de validez un acordo ilegal segundo o dereito internacional. Esta posición foi reafirmada por 89 organizacións e a propia Fronte Polisaria, que no mes de febreiro deste ano fixeron pública unha carta na que desmontan a versión da Comisión Europea afirmando que “ao 83% dos grupos que, segundo a Comisión da UE, participaron nunha ‘consulta’ relacionada co comercio do Sahara Occidental nunca se lles pediu participar, ou non participaron, en ningún proceso de consulta”.



Senra tamén criticou o cinismo retorcido do que fai gala a UE cando argumenta que non comercializar con produtos saharauís -vía explotación destes recursos controlada polo Goberno de Marrocos- supón unha perda económica para o pobo saharauí. “Como beneficia o acordo de pesca ás máis de 173.000 saharauís refuxiados e refuxiados nos campos de Tindouf que dependen das axudas internacionais? Estes milleiros de persoas foron consultadas?”

Fronte ás manobras do Goberno de Marrocos e da UE, a eurodeputada galega pide á UE que cese na súa actitude parcial e que respecte escrupulosamente o Artigo 73 da Carta da Organización das Nacións Unidas sobre os Territorios Non Autónomos, como é neste caso o Sáhara Occidental ocupado por Marrocos. Insta ademais ás potencias europeas a “adoptar dunha vez por todas unha posición coherente cos valores que di defender, respectando as sentenzas do Tribunal de Xustiza da UE e facer todo o posíbel para que a ONU e a comunidade internacional en sentido amplo se comprometa a cumprir ca realización do referendo de autodeterminación”.

O PSdeG celebra primarias o 18 de novembro para elixir candidatos en municipios de máis de 20.000 habitantes e ás autonómicas



A Comisión Executiva Federal do PSOE aprobou o calendario de primarias para elixir, o vindeiro 18 de novembro, o candidato ou candidata nos municipios de máis de 20.000 habitantes e o candidato ou candidata á Presidencia da Xunta de Galicia.

En concreto, no que atinxe ás primarias municipais, o prazo para concorrer abranguerá do 22 ao 25 de outubro, data a partir da cal se abrirá o período para a recollida e presentación de avais. Unha vez verificada a documentación presentada, a campaña interna desenvolverase entre os días 9 e 17 de novembro.

En caso de que algún dos aspirantes acade máis da metade dos votos non se requirirá segunda volta, e a proclamación definitiva dos gañadores será o día 22; mentres

que, no caso contrario, a segunda volta terá lugar o 25 de novembro e a proclamación definitiva do gañador será o día 29.

No relativo ás primarias autonómicas, a presentación de precandidaturas remata o día 16 de outubro, cando comeza o prazo de recollida e presentación de avais. A campaña durará entre o 4 e o 17 de novembro; e as datas de votación e proclamación definitiva coinciden co estipulado para as primarias locais.

A coincidencia de ambas citas, explicou Gonzalo Caballero, ten por obxecto despegar os procesos orgánicos nun escenario electoral impredecible, a fin de evitar que as primarias autonómicas se solapen con outras citas. “A min gústanme as primarias, e quero que falen os militantes de base”, asegurou.

REFORZO ESCOLAR • IDIOMAS • TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA • TALLERES INFANTIS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS

CENTRO DE ESTUDIOS

MATRÍCULA GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1º B
654 07 57 51

O BNG, califica o investimento na Alameda de Redondela, de “exhibicionismo político”

Consideran como non prioritaria as partidas de ata 200.000€ adicadas polo Concello para estas obras, mentras outras zoas do casco urbán carecen de inversións.

As obras realizadas nos últimos meses na Alameda Daniel Castela de Redondela, constitúen para a organización nacionalista un exemplo do “despilfarro” co que está a actuar o goberno de Javier Bas. O edil nacionalista, Xoán Carlos González considera que se trata dun claro exemplo de “exhibicionismo político” posto que nin so prioritarias, nin foron demandadas por ninguén.

En concreto refírese ao cambio de bordillos que se realizou dende o verán, substituíndo o antigo entramado de ferro.

Non existía ningún informe da necesidade de tal obra á que inicialmente se adicou unha partida de 100.000€, malia que a licitación diexouna en 80.000. “Consideramos que se trata dun gasto caprichoso e innecesario, co que Javier Bas demostra que actúa sen control no gasto dos cartos de todos os redondeláns”.

A seguinte fase das obras, actualmente en licitación, consisten na subministración de xabre en toda a superficie deste singular espazo redondelán. “Adican 100.000€ á reposición do firme, cando durante oito anos renunciaron a un mentemento mínimo que suporía un gasto moito menor”, considera o voceiro nacionalista.

Xoán Carlos González, des-

vela que renunciou a participar como membro da mesa de contratación, “posto que sería darlle o visto e praxe unha mostra do descontrol no gasto co que actúa este goberno municipal”. Recorda o maltrato sufrido pola Alameda, por parte dos responsábeis municipais, “onde as árbores sufriron podas moi agresivas, mesmo tendo que talar algún deles”.

Enfronta o edil do BNG o abandono de zoas do casco urbán de Redondela, por parte do goberno de Javier Bas, con novas políticas de recuperación da vida nos barrios e rúas, das relacións de veciñanza en entornos como Esfarrapada, Picota ou Eidos, “que somentes coa presenza do nacionalismo no goberno municipal se poden garantir”.

O BNG denuncia a situación do transporte escolar no IES Mendiño

Dende que deu co- mezo o presente curso o alumnado de Bacharelato das parroquias de Cesantes e do Viso, non se lle permite usar o transporte escolar, servizo que ata o de agora viña empregando sen ningún tipo de problema.

Esta situación que afecta a preto de 40 alumnos, provoca problemas a moitas familias ao non poder compaxinar os seus horarios laborais, a hora de levalos e recollelos.

“Dende o BNG somos coñecedores que por ser un ensino non obrigatorio, a Administración non ten obriga de prestar este servizo ao alumnado de Bacharelato, máis neste caso a de terse en conta que estes non dispoñen de alternativa de transporte público para asistir as súas clases e tendo sempre presente que estamos falando de alumnos menores de idade” indica o Responsable Local, Anxo Lusquiños

Dende a empresa alegan a

falta de capacidade do autobuses que cubren estas liñas, para acoller aos alumnos de ESO e Bacharelato. Situación que provoca un trato discriminatorio destes alumnos cos de outras parroquias, que si dispoñen deste servizo.

Diante desta problemática un grupo de pais e nais xa se dirixiron por escrito a Consellería expoñendo estes feitos, sen que ata o de agora tivesen ningún tipo de resposta, polo que xa se empezaron a xuntarse para compartir coches e facer turnos que permitan aos alumnos asistir as clases

Dende o BNG eximimos unha solución urxente que poña fin a esta situación, que dende logo enmarcamos dentro da campaña de recortes no ensino público que se esta notando de maneira especial no noso concello.

Demandamos da Consellería que se reforce a liñas de transporte e esiximos a intervención do propio alcalde de Redondela

Para CxG o parlamento galego está nos mínimos niveis políticos

O Secretario Xeral de Compromiso por Galicia, Piñeiro Docampo, declarou que o debate do “Estado da autonomía” demostrou o nivel político do parlamentarismo en Galicia, unha oposición bochornosa e un goberno insultante liderado por unha personaxe en claro retroceso vital.

Piñeiro Docampo incidui no travestismo que o PP fai na cámara galega, onde enche a boca de galeguismo para xa logo a seguir ir debaixo do palio do seu líder Pablo Casado. O galeguismo impostado do PP en Galicia está a condicionar logo moitas das decisións que son tomadas sen que Galicia conte no escenario político cunha forza real anotou o líder galeguista.

Por outro bando Piñeiro Docampo tampouco olla positivo o traballo da oposición, que lle deixa coas súas leas internas e o seu desastroso nivel político moi fácil o camiño a Feijoo.

Neste sentido sinala o secretario xeral dos galeguistas: “Por unha banda temos a Leiciaga que é un home cinzento, un segundon que está para cubrir o expediente e que non pode dirixir nen o seu grupo no parlamento. Por outra temos aos de Villares, un señor que non ten predicamento nen na súa casa e que está mais preocupado polas navallas dos seus, que por como está a ser gobernada Galicia. Por último o transformismo comunista de Ana Pontón e a súa irreal economía, irreal como irreal é o discurso do BNG.”

Por último o secretario xeral dos galeguistas sinalou: “O parlamento galego está nos mínimos niveis políticos: un presidente apoucado e triste e unha oposición que pensa que está nunha tasca e os galegos e galegas vivindo neste teatro. A verdade é que se desde o PP queren cargarse as autonomías, en Galicia teñen moito traballo feito e avanzado.”

En Marea e PSOE son unha lousa sobre o futuro de Galicia, apuntan desde CxG

Segundo a formación galeguista Galicia non conta para o PSOE, que ten a súa ollada posta en Andalucía, e moito menos para os deputados de En Marea diluídos na sopa de letras de Unidos-Podemos no Congreso, sen peso específico propio á hora de atraer investimentos para Galicia.

O camiño aberto para os novos presupostos do estado no acordo entre PSOE e Unidos-Podemos lexítima mais que nunca a necesidade que temos os habitantes de Galicia de apostar por forzas políticas centradas no País. O desleixo ao que someten a Galicia os deputados e deputadas que deberían representar os nosos intereses na vida política do estado é unha indignidade da que os electores teñen que tomar apuntes sinalan desde

Compromiso por Galicia.

O secretario xeral galeguista, Piñeiro Docampo, subliña a inoportunidade política que representan nesta altura os deputados galegos en Madrid, xa que tanto os do PSOE como os de Unidos-Podemos teñen que ceder ás presións dos seus líderes que pensan mais na rua Ferraz e na Complutense, lonxe dos intereses de País e das especificidades que nós temos como Galicia, tanto no social como no económico. Se anteriormente sufriamos o desleixo dun PP que nunca tivo a Galicia como prioridade, agora temos defrente a dous grupos que teñen a prioridade en soste- a un goberno feble e que están atentos unicamente ao que poida acontecer en Andalucía.

MISCELANEA

Galiza Nova queima a Felipe VI

A mañá do 12 de outubro, Día da Hispanidade, Galiza Nova desenvolveu nas rúas de Compostela un acto reivindicativo contra a monarquía española e a prol do dereito de autodeterminación. O acto tivo lugar na Praza 8 de Marzo, onde case un cento de persoas asistiron á queima simbólica dun espantallo caracterizado como o rei de España, Felipe VI.

Navia Rivas, destacou na súa intervención que desde Galiza Nova non teñen “nada

que celebrar porque nós non celebramos masacres”. A integrante da Dirección Nacional de Galiza Nova puxo a énfase en que “Galiza non é Hispanidade. Galiza é loita. Loita obreira e loita nacional, que son a mesma”. Reafirmou ademais o compromiso da organización xuvenil “co pobo galego, no noso compromiso por unha Galiza cos ollos no porvir, solidaria, republicana, laica, xusta, feminista, soberana”.

Posteriormente foi o lugar do Secretario Xeral da forma-

ción xuvenil, Alberte Fernández, quen afirmou que a queima simbólica dun espantallo do rei Felipe VI é un “acto de defensa da liberdade de expresión, contra o réxime e todo o que representa queimando simbolicamente a monarquía española, que se mostra orgullosa no día de hoxe do xenocidio cometido en América Latina”.

Na súa intervención, Fernández aludiu tamén ao dictador Francisco Franco posto que foi este quen “decidiu



deixar a Xoán Carlos I como o seu sucesor” o cal, recalcou Fernández, “representa a continuidade do franquismo”. Engadiu ademais que fronte á institución da monarquía blindada pola Consitución Española, “o nacionalismo galego tivo sempre clara a súa postura contraria, o noso proxecto, o proxecto do BNG é o da soberanía, partindo das Bases Democráticas que presentamos o ano pasado.”

Fernández referíuse ademais ao movemento de liberación nacional catalán, afirmando que o estado español “reprime

os movementos de liberación nacional, chegando ate a violencia física, e cun xefe do estado que parabeniza aos policías que participaron nas cargas masivas do 1-0”.

O Secretario Xeral de Galiza Nova concluíu indicando que a queima deste boneco representaba “todo o que queremos rachar, para poder construír unha sociedade nova na que teñamos un traballo e ensino dignos, os dereitos das mulleres e as persoas LGTBI estean garantidos; así coma a liberdade de expresión, e na que poidamos vivir plenamente na nosa lingua”.

Palestra de Isabel Aguirre organizada por O Facho

O vintouro día 23 de Outubro, ex-profesora da U.D.C. e de outras universidades, Isabel Aguirre, intervirá dentro do Ciclo, Economía, Historia e Realidade Social organizado pola Agrupación Cultural O Facho. A súa charla versará sobre “Integración Paisagista dos Valados na Galiza”. O acto realizárase ás 8 do serán en Portas Ártabras, Rua Sinagoga 22-Cidade Velha, Corunha.

Isabel Aguirre é arquitecta pola Universidade da Coruña e dirige a Escola Galega da Paisagem da Fundación Juana de Vega. É Profesora da UDC. Foi Premio Nacional de Arquitectura ‘Manuel de la Dehesa’ rehabilitación do Parque de Bonaval em Compostela, junto co arquitecto portugués Álvaro Siza. Assi mesmo foi galardoada tamén com o Premio Europeu

de Intervención no Património Arquitectónico polo seu traballo de recuperación paisagista do entorno do Mosteiro de Caaveiro. Expuxo sua obra na Universidade de Harvard na Exposición “Los 15 Mejores Paisajistas de Europa”. É membro do Comité de Directores da Escola do European Council of Landscape Architecture Schools. Ademais, encargouse das obras dos projectos dos Parques Oeste Vale/Grande e Parque Sur en Lisboa, e do projecto de rehabilitación de Illa do Cobo ou A Illa das Esculturas em Pontevedra. Realizou a rehabilitación da Fábrica da Luz, Parada de Sil.

Foi nomeada presidenta da Irmandade da Ribeira Sacra, cuja finalidade é promover, recuperar e salvaguardar os valores culturais, históricos e paisagísticos da Ribeira Sacra.

MUSEO ETNOLÓGICO RIBADAVIA

DO VIÑO DE GALICIA 2018

CICLO DIVULGATIVO SOBRE A CULTURA DO VIÑO

17 outubro | mércores 20:30 h
O Ribeiro do Avia: un mundo cheo no outono da Idade Moderna
JUAN MANUEL RODRÍGUEZ

24 outubro | mércores 20:30 h
O viño nos mosteiros de Melón e San Clodio a finais do Antigo Réxime
ISOLINA RÍO NEGRO

25 outubro | xoves 20:30 h
O legado do viño: adegas e granxas do Medievo e Idade Moderna
JOSÉ LUIS SOBRADO

27 outubro | sábado 14:00 h
Visitas comentadas:
• Mosteiro de Melón
• Adegas de época medieval: Gomariz e Partovia
Saída fronte a Casa de Cultura

Museo Etnológico
988 788 720
mu.etnoloxico.ribadavia@xunta.gal

galería

XUNTA DE GALICIA

Laura Ramos Cuba gaña o XIº Premio de poesía Victoriano Taibo coa obra “A situación actual”

O xurado do certame poético Victoriano-Taibo que convoca o Concello de Gondomar en colaboración co Instituto de Estudos Miñoráns, integrado polos escritores e escritoras Iria Misa, Gonzalo Navaza, Miguel Anxo Mouriño, Marta Dacosta en nome do IEM e Rafa Vilar, gañador da Xª edición, resolveu que o libro gañador desta XIª edición era o presentado co título de A situación actual que, unha vez aberta a plica, resultou ser da autoría de Laura Ramos Cuba.

O xurado valorou que se trata dunha obra absolutamente contemporánea en que atopamos unha voz intimista moi forte. Unha voz dunha grande radicalidade, capaz de reflectir unha situación límite, unha crise emocional. Destaca a capacidade de poetizar o cotián con sinxeleza e fondura a un tempo. O xurado tamén salientou a unidade do libro, que mantén ao longo da lec-



tura o pulso e o ritmo.

Laura Ramos Cuba, é unha moza burelá graduada en xornalismo e comunicación audiovisual pola Universidade de Santiago de Compostela. Este é o seu primeiro premio e, será, o seu primeiro libro publicado, co que o certame Victoriano Taibo ten a satisfacción de permitir que saia á luz esta voz actualísima que nos fala desde as súas propias coordenadas inseridas neste século XXI.

A entrega do premio será o día 17 de novembro nun acto que decorrerá no Auditorio Lois Tobío de Gondomar.

XXI Festa do Codillo en Mos os días 20 e 21 de outubro

O programa da XXI Festa do Codillo iníciase o sábado 20 de outubro e o propio día da festa (domingo 21), ás 10.30 horas da mañá abrírase o “VII mercado de artesanía, gastronomía e produtos da terra” e, deseguido, comezo da degustación do codillo. E ás 12.00 horas intervirá o pregoeiro Andrés Giráldez, tras o que

chegarán as actuacións do Grupo Airiños do Castelo, Banda de Gaitas e Grupo de Baile do CCD Santa Eulalia, e da Agrupación Folklórica San Bartolomé y San Isidro Labrador de Galapagar (Madrid).

a novidade desta XXI edición consistente nunha interesante ambientada nas décadas dos anos 60, 70 e 80, titulada ‘O Codillo Vai de Guateque’. Será

na contorna do Pazo de Mos o sábado 20 de outubro ás 21.30 horas, con sorteo de premios para os asistentes caracterizados da época.

E xa dando continuidade á programación doutros anos, tamén o sábado 20 de outubro celebrarase o XVI Concurso de serra de troncos con tronizador de man e un magosto popular con queimada.

O BNG de Mos denuncia a falta de limpeza da maleza no vial do Castro

Unha vez máis o Bng debe de denunciar a falta de mantemento e limpeza, e neste caso falamos do vial do Castro. As malas herbas medran sen control na beira do vial, e comezan a invadir a beirarrúa que é transitada por centos de peregrinos cada día.

A imaxe que levan deste concello aos seus países é a duns viais con falta de limpeza e aspecto de abandono. Por sorte ao pouco tempo chegan

á zona do Pazo de Mos, que borraralles esa imaxe penosa.

Este vial é un dos poucos que hai urbanizados no noso concello, e o goberno debe de ter preparado un programa de limpeza e mantemento dos mesmos.

Tal como dixemos hai pouco tempo na denuncia da falta de mantemento do mobiliario de Puxeiros, a voraxine de obras electoralistas non é escusa para deixar de lado o que xa temos.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

LOURINHA

SALCEDA DE CASELAS

O Goberno de Salceda presenta unha denuncia polos delitos de inxurias e incitación ao odio

O equipo de goberno do Concello de Salceda de Caselas encabezado polo seu alcalde, Marcos Besada, personouse no cuartel da garda Civil de Porriño para presentar unha denuncia polos casos de amedrentamento, inxurias e incitación ao odio que se están a vivir nas últimas semanas, fundamentalmente sobre a figura do alcalde, pero tamén sobre o resto de compoñentes do equipo de goberno.

O último feito nesta cadena de acontecementos foi a posta en circulación vía whatsapp dun vídeo cargado de insultos e descalificacións para o alcalde e os concelleiros/as, cunha clara intención de incitación ao odio que agora veñen de poñerse en coñecemento da Garda Civil para que poidan ser investigados. A este vídeo teñen que engadirse capítulos de vixianza á casa do alcalde así como de seguementos nos traxectos dende o Concello ata a súa propia vivenda.

O alcalde trasladoulle á Garda Civil a sensación de inquietude, ansiedade e preocupación que lle toca vivir tanto ao equipo de goberno como ás súas familias, lem-



brando que incluso a súa parella, persoa allea á política, aparece nunha imaxe no vídeo hoxe denunciado.

Insisten dende o equipo de goberno en que "son feitos e discursos intolerables; representamos ao conxunto dos 9.140 veciños e veciñas de Salceda, independentemente da súa ideoloxía, das súas crenzas, ou da súa orixe, e os cargos públicos que neste intre nos dedicamos ao nobre "oficio" de ser representantes públicos escollidos/as democraticamente non podemos ser as vítimas sobre as que trasladar as frustracións persoais con total impunidade: non o podemos permitir".

Existe numerosa xurisprudencia que demostra que cando se profiren insultos de carácter persoal sen estar referidos nin relacionados con ningún feito en concreto non hai absolutamente nada que poida xustificar a inxuria, nin

existe dereito ningún á liberdade de expresión que protexer, e este é, exactamente, o caso do vídeo do que agora se presenta a denuncia, xa que non se fai referencia a ningunha clase de feito ou actuación concreta de goberno, senon que simplemente consiste nun recopilatorio de insultos e descalificacións.

Marcos Besada: "Queremos unha Salceda e un País de homes e mulleres libres: a liberdade individual e colectiva é un valor imprescindible a defender. Atrás quedaron os tempos da coacción, do amedrentamento, do illamento social ao/á discrepante: non admitimos nin permitiremos o regreso a ese pasado. evitemos derivas que nos poidan levar ou que dean como resultado final acontecementos ou feitos de graves consecuencias das que nos poidamos lamentar: exemplos sobran nos últimos tempos".

Jose Luis González deixa a súa adicación no Concello de Salceda por motivos laborais



Jose Luis González, que ata o de agora viña exercendo como concelleiro nas áreas de réxime interior, economía, facenda, persoal, tráfico e seguridade, deixará de exercer ditas función a partires do martes 16 de outubro, aínda que seguirá ostentando o seu cargo de concelleiro, agora xa sen áreas ao seu cargo. O cambio prodúcese por motivos laborais, xa que o concelleiro foi reclamado pola súa empresa, da que está en excedencia, para ser reincorporado ao seu posto polo incremento da carga de traballo.

A partir de entón, o bloque de áreas que xestionaba Jose Luis González, pasarán a estar en mans da tenente alcalde Loli Castiñeira, que engadirá estas áreas ás que ata o de agora viña xa xestionando: comercio, turismo, sanidade, consumo, formación, emprego e parques e xardíns. No caso

de Jose Luis, seguirá a exercer o seu papel de portavoz de Movemento Salceda, e seguirá a formar parte da Xunta de Goberno Local. Con este cambio o equipo de goberno afronta a última recta da lexislatura con forza e ilusión, con moitos proxectos en marcha e con novas ideas para levar a cabo proximamente.

Jose Luis González: "motivos laborais fanme pasar a un segundo plano neste proxecto apaixonante ao que tanto tempo lle levamos adicado. Os veciños e veciñas de Salceda poden estar seguros que seguirán a contar co meu traballo e implicación, tal e como lle teño trasladado tamén aos meus compañeiros e compañeiras do grupo de goberno".

Marcos Besada, Alcalde de Salceda, agradeceu o traballo realizado por Jose Luis González ao fronte dunhas áreas nada sinxelas de xestionar ao longo destes case oito anos.



ecocelta
Naturaleza en equilibrio

Abonos e sustratos ecolóxicos

Materias primas de Galicia

Ecocelta Galicia, S.L. T. 986 645 487 administracion@ecocelta.com
Crt. PO-253 km 0,8 Pontacóns-Pías 36895 Ponteareas



SALCEDA DE CASELAS

Salceda pon en marcha o I Plan de Formación Xuvenil en Novas Tecnoloxías

O Plan, dirixido a mozos e mozas menores de 25 anos, permitirá acadar coñecementos en novas tecnoloxías, aplicables ao mundo laboral.

Introdución ao deseño e impresión 3D, 'Desenvolvemento de aplicacións móbiles Android', 'Deseño de videoxogos con Wimi' e 'Robótica, programación por bloques', son as catro actividades formativas que, nestes últimos meses do 2018 e xaneiro do 2019, poñerá en marcha a Concellería de Formación e Emprego do Concello de Salceda de Caselas que xestiona Loli Castiñeira.

Son, segundo Castiñeira, catro cursos "que permitirán aos mozos e mozas adquirir coñecementos aplicables ao mundo laboral e, polo tanto, melloran as súas posibilidades de atopar un traballo".

Para participar nestes cursos, os interesados e inte-

resadas deberán presentarse co seu correspondente DNI, no CLD do Torrón á hora indicada para cada unha das probas de selección, tralas que se realizará a correspondente inscrición.

O primeiro curso en poñerse en marcha será o de Introdución ao deseño e impresión 3D, que se desenvolverá os sábados, entre o 6 e 24 de outubro ata completar un total de 16 horas lectivas. A proba previa e a inscrición será o día 1 de outubro ás 17 horas.

Os mércores do 10 ao 21 de outubro, terá lugar o curso de Desenvolvemento de aplicacións móbiles Android, cun total de 20 horas lectivas e coa proba previa



e inscrición o día 3 de outubro ás 17 horas.

Xa no 2019, entre os días 9 e o 20 de xaneiro e con clases os mércores, terá lugar o curso de Deseño de videoxogos con Wimi, de 20 horas, con proba de selección e inscrición o día 27 de decembro ás 10 horas.

Finalmente, entre os días 12 de xaneiro e 2 de marzo e con clases os sábados, terá lugar o curso de Robótica,

programación por bloques, de 16 horas e que terá a súa proba de selección e inscrición o 26 de decembro ás 10 horas.

Tal e como explicaba o alcalde, Marcos Besada, "Salceda, o segundo municipio de Galicia coa media de idade máis baixa, non pode esquecerse da mocidade á hora de ofrecerlle unha formación que lle permita atopar unha saída no mercado laboral".

Salceda inaugura a nova urbanización de tres rúas



A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, xunto ao alcalde de Salceda de Caselas, Marcos Besada, inauguraron a nova urbanización das rúas Compostela, Rafael Tilve e A Coruña, na que o goberno provincial investiu máis de 200.000 euros a través do Plan Concellos. En liñas xerais, a reforma realizouse para impulsar a mobilidade peonil, a accesibilidade e a seguridade nestas tres rúas de Salceda.

En concreto, a reforma desenvolvida nas rúas Compostela, Rafael Tilve e A Coruña, consistiu na renovación e rexeneración dos servizos urbanos básicos, mellorando a perspectiva ambiental e paisaxística e suprimindo as barreiras arquitectónicas.

Salceda amosa a súa solidariedade contra o cancro

Por cuarto ano consecutivo, Salceda de Caselas celebrará o vindeiro venres 19 de outubro unha xornada na que a solidariedade será a protagonista. A finalidade, neste caso, será de recadar fondos para a loita contra o cancro. A partir das 21:30, na Praza do Concello, máis dun centenar de mulleres participarán nunha exhibición de Zumba, nunha iniciativa da Concellaría de Sanidade do Concello de Salceda que dirixe Loli Castiñeira, e que se celebra baixo o nome de "Zumba contra o Cancro".

Coa colaboración dos instructores Niko, Maggy, Noelia, Cris, Inma, Tania e Adela, a Zumba contra o cancro suporá un xeito de concienciar a todas as persoas asistentes na necesidade de tomar parte activa na loita contra unha enfermidade que, grazas a iniciativas como estas, pouco a pouco vai atopando vías de saída. Na exhibición participarán alumnas dos sete instructores, así como



outras mulleres e homes que queiran sumarse ao evento.

Na mesma Praza do Concello instalase un posto de venda de camisetas cuxa recadación irá destinada á Asociación de cancro de mama Pilar Domingo. O pobo de Salceda, que sempre se caracterizou pola súa solidariedade e apoio aos que máis o precisan, secundará, sen dúbida algunha, esta ini-

ciativa tan solidaria como necesaria.

Loli Castiñeira, Concelleira de Sanidade: "Non temos ningunha dúbida de que a sociedade salcedense volverá ofrecer unha resposta positiva ante esta iniciativa. O cancro está a ser unha enfermidade debastadora, pero cada vez máis a detección precoz e os avances en investigación están a conseguir uns resultados máis alentadores".

O PP propón a recuperación da escola da Vendanova

Santi Davila deu a coñecer a proposta do Grupo Popular de Salceda para a recuperación da antiga escola da Vendanova (San Xurxo). A idea é converter esa edificación nun centro de formación educativa persoal e multidisciplinar, con Aula municipal de empoderamento persoal (AMEP), aula de aprendizaxe persoal en linguas extranxeiras (inglés, francés, chino...), Aula de finalización de estudos básicos, accesos e coñecementos cívicos (eso, acceso a universidade para maiores de 25 anos, seguridade viaria...) e un Aula de formación social (dependencia, violencia de xénero...).

LOURIÑA

O PORRIÑO

O Festival de Cans entrega a 25 nenos da aldea vales para mercar material escolar

O Festival de Cans fixo entrega esta semana de vales de material escolar para as 25 rapazas e rapaces da aldea que colaboraron na pasada edición da organización do festival. Cada vale ten un valor de 25 euros que poderán canxear por material escolar na cadea de papelerías Carlin, empresa que apoia unha parte desta iniciativa.

É o terceiro ano que Cans desenvolve esta iniciativa, tratando que o festival sexa unha plataforma que poida colaborar na doazón de material de educación para estas nenas e nenos. Quince destes rapaces teñen entre 8 e 14 anos e o seu traballo consiste en guiar e orientar nos camiños a todo o público que ven ao Festival de Cans. O resto destes rapaces teñen entre 15 e 17 anos e desenvolveron labores de axudantes de produción en diversos departamentos do festival. Estes rapaces de maior idade van cumprir xa nalgúns casos dez anos como colaboradores, desde que entraran na organización sendo nenos.

O Festival de Cans segue unha fórmula organizativa onde os nenos máis pequenos



van sendo coordinados por outros maiores, e estes á súa vez son tutelados por persoas adultas, coñecedoras da dinámica do festival. Deste xeito vanse rotando en cada edición para coñecer un por un os departamentos do festival, coa esperanza de que eles sexan os que asuman a organización no futuro.

Ademais, o festival convida e estimula a estes rapaces para que asistan ás proxecións, aos obradoiros que organiza o festival, e adquiran tamén os seus primeiros coñecementos audiovisuais. Coordinados pola veciña de Cans Rosa Bernárdez, a in-

tención do festival é estimular a participación destes nenos, dun xeito didáctico e educativo, para que se identifiquen co festival e adquiran valores como a igualdade, a solidariedade, a conservación do patrimonio histórico e natural ou o traballo en equipo.

Algunhas e algúns destes rapaces tamén participan en cada edición no xurado dos veciños, para darlles a oportunidade de visionar todas as curtametraxes a concurso e aportar a súa propia opinión, cun grupo de persoas de maior idade coas que o festival promove unha relación de respecto interxeracional.

Colocados os primeiros 6 composteiros do Plan Revitaliza da Deputación



A Concellería de Limpeza do Porriño, que dirixe Orlando Márquez, vén de poñer en marcha a instalación de 6 composteiros no barrio de San Sebastián, coma "primeira medida do Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra, que permitirá a reciclaxe de restos orgánicos das vivendas do concello".

Para a utilización dos composteiros, que estarán funcionando nun prazo de 10 días, o Concello organizará distintas charlas, que anunciará nos vindeiros días, para explicar o funcionamento dos mesmos.

Orlando Márquez, quen adianta que a instalación dos composteiros seguirá na Urbanización O Pinar, subliña que este sistema para converter os restos de comida e vexetais en fertilizante natural, "non esixe máis que uns 10 ou 15 minutos á semana, non ten

custos de mantemento ou funcionamento e pode realizarse, sen molestias e sen cheiros, en calquera zona".

O lixo diario que xeran os fogares contén contén máis dun 50% de refugallo orgánico que poden reciclarse e retornar a terra en forma de 'humus' para plantas e cultivos, "por cada 100 quilos de lixo orgánico poden lograrse ata 15 quilos de compost".

O concelleiro salienta que o uso dos composteiros permite aforrar gastos na recollida do lixo, "estímase que ao redor de 40€ por familia e ano"; evita o emprego de bolsas de plástico posto que "os refugallo orgánicos vértense directamente no composteiro, sen usar bolsa", e reduce a contaminación: "en primeiro lugar a que causa o transporte do lixo e, segundo a que se produce ao queimar os refugallo".

www.novasdoeixoatlántico.com

**Talleres
Guiller Motor**

Venta de vehículos usados

SPG
TALLERES

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)
Tel/Fax 986 66 15 41

**Panadería Pastelería
A Fogaza**

Pan Artesano

Dario Bugallal, 7 Pontearreas
Telf.: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

O PORRIÑO

En funcionamento a nova rotonda de A Costeira e a ordenación da zona entre Cerquido e Budiño

Alcaldesa, Eva García de la Torre, xunto con Uxío Benítez, deputado provincial de Mobilidade da Deputación de Pontevedra, e o concelleiro de Vías e Obras, Manuel Carrera, supervisou as obras realizadas polo organismo provincial para reordenar o tráfico e mellorar a seguranza viaria na estrada provincial EP-2405 entre Cerquido e Budiño, no lugar de A Costeira.

García de la Torre salientou que a obra supón “unha mellora ostensible” na ordenación da zona e asegurou que “coa construción da rotonda evítase a altísima sinistralidade que había tal e como estaba configurado o espazo.

Para o responsable das infraestruturas provinciais a nova glorieta ven a redistribuír a circulación e calmar a velocidade nunha intersección que ata o de agora era moi perigosa e fora escenario de diversos accidentes.

Benítez subliñou que a actuación en A Costeira inclúise dentro do Plan de Interseccións



da Estratexia de Mobilidade 3.0 da Deputación, que ten como un dos seus obxectivos prioritarios eliminar a violencia viaria e os puntos negros de toda a rede de estradas provincial.

Os traballos de mellora consistiron principalmente na ampliación do radio de curvatura da estrada principal, preto da conexión da EP-2405 da Deputación co parque empresarial das Gándaras, á altura do Centro Tecnolóxico do Automóvil de Galicia.

Doutra banda, urbanizouse a zona con beirarrúas para prestar continuidade ao tránsito

peonil, habilitáronse pasos de peóns e baixouse a velocidade máxima de 50 a 30 quilómetros hora. Tamén se solucionaron as drenaxes mediante a remodelación de beiravías e sumidoiros e instaláronse oito luminarias tipo led sobre columnas de nove metros, catro na propia glorieta e outras catro nas inmediacións da intersección.

O orzamento global ascendía inicialmente a 220.336,36€, sendo 21.534€ destinados a expropiacións e o resto á execución da obra. Finalmente a licitación pechouse por un prezo de 132.719,68.

O Concello anchea a entrada ao CEIP de Atios



A parte do vial do lugar de Catrocamiños que da entrada ao CEIP Plurilingüe de Atios, terá a partir da semana que vén un ancho de 10 metros, “o establecido pola lei”, logo do remate dos traballos que están a realizarse neste lugar.

Os mesmos, sinala o tenente de alcalde, Manuel Carrera, foron posibles logo da cesión desinteresada dos veciños de parte dos seus terreos que, logo da retirada de muros, permitiron, “o an-

cheado e pavimentado desta estrada, unha das máis transitadas da parroquia”.

Carrera indica que esta obra, que contou cun orzamento superior aos 10.000€ procedentes de fondos municipais, realizouse con persoal contratado con cargo á axuda da Deputación de Pontevedra, e traballadores do Concello e forma parte do Plan de Mellora de Vías, Camiños e Estradas Municipais posto en marcha polo actual Goberno local.



O PP reclama a mellora inmediata da estrada Torneiros - Pontellas

O presidente dos populares do Porriño, M. Alejandro Lorenzo, xunto ao deputado provincial Santiago Rodríguez Dávila, comprobou esta semana o estado "de absoluto abandono e as consecuencias da falta de mantemento da estrada provincial que une Torneiros coa parroquia de Pontellas".

"A maleza que invade as beirarrúas e a calzada, beirarrúas intransitables para os numerosos peóns que cada día transitan por elas, barreiras arquitectónicas que impiden o paso, pasos de peóns inaccesibles e unha iluminación deficiente e estropeada en moitos puntos evidencian a falta de atención do goberno provincial", sinala Lorenzo, "pedimos tanto ao Concello como á Deputación que unan forzas para garantir que dunha vez por todas as estradas que unen as nosas



parroquias sexan transitables para os veciños e veciñas".

No mesmo sentido se postulou Santi Rodríguez "O goberno de Carmela Silva ven de asinar o contrato máis grande de privatización da historia da Deputación en infraestructuras, e o estado das estradas provinciais é o que vemos neste vial, abandono e inseguridade para os peóns".

Dende o PP do Porriño solicitan, unha vez máis, que "de maneira inmediata a De-

putación provincial proceda ao acondicionamento, mellora e correcto mantemento desta estrada e, urxe ao Goberno Municipal a que dunha vez por todas faga as xestións necesarias para dar solución a estes veciños".

Asemade, e tras ter solicitado solucións a través dun rogo presentado polo grupo popular no pasado pleno da Deputación, presentarán por escrito a solicitude reclamando estas melloras.

Mahou e a hostalería local apoian ás 'Guerreiras' porriñesas



O Bar Liceum do Porriño acolleu o acto de entrega dos fondos recadados, na localidade e toda a comarca, grazas á campaña "O Club Balonmán Porriño necesita a túa chapa", lanzada por Mahou. Desde a orixe, o obxectivo desta foi axudar ao Club e compartir a paixón dos afeccionados a través de experiencias únicas e divertidas; e, á súa vez, apoiar o negocio local.

No evento participaron diferentes personalidades en representación do Balonmán Porriño, así como os hostaleiros colaboradores e representantes da propia marca de cervexas Mahou. Coa colaboración de moitos locais do Porriño e arredores, Mahou puxo en marcha, durante 60 días, o 'Cha-

pómetro', unha iniciativa ideada para doar ao Club parte da recadación obtida coa venda da cervexa. Así, por cada chapa da icónica Mahou 5 Estrelas que se consumise nalgún destes establecementos, 10 céntimos irían destinados ao Club; mentres que, se a elixida fose a Mahou Barrica, cada chapa desta cervexa supoñería para o club 20 céntimos.

"Desde o Club porriñés amosamos o noso agradecemento e total apoio a unha campaña divertida, así como a esta gran familia de marcas de cervexa con máis de 100 anos de historia, que sempre mostrou o seu compromiso e apuestapor o deporte e o traballo dun Club como o noso", asegurou Abel Estévez, presidente do Club Balonmán Porriño.

Monólogo de Pepi Labrador no Liceum

A monologuista de Badalona Pepi Labrador actuará o sábado 20 de outubro a partir das 22.00 h no Bar Liceum de O

Porriño. A entrada é gratuíta pero a 1º consumición será de 3€. A hora de inicio será ás once da noite pero as ceas empezarán ás dez.

